

LABORATORIO ARTÍSTICO

DOMINGO
5 Xuño
ECOMUSEO FORNO DO FORTE (BUÑO) 12:00-20:00



Organiza:





Obxectivos

Conseguir que a obra plasme ou reflicta o que é a Costa da Morte dende unha visión artística. Simbolizará á Costa da Morte cos seus valores, paisaxe, patrimonio, cultura, gastronomía, etc.

En que consiste?

- Trátase dunha proposta para pór en valor todo o talento creativo e artesanal que hai no territorio da Costa da Morte, que terá lugar no Ecomuseo Forno do Forte (Buño), Malpica de Bergantiños, o **domingo 5 de xuño de 12:00 da mañá a 20:00**.
- As persoas participantes farán unha intervención, en directo, da obra creada ou comisariada para este proxecto, tendo cabida propostas de artesanía e distintas disciplinas artísticas (encaixe, olería, pintura, escultura, etc)
- As/os artistas deberán crear a obra durante o tempo estipulado do Laboratorio formando parte dun evento da Marca.
- O estilo e a técnica así como as dimensións serán de libre elección.

Quen pode participar?

Poden participar todas aquelas persoas e colectivos artísticos ou artesáns maiores de idade.

A participación no laboratorio farase por orde de inscrición e tendo en conta os criterios de selección.

Inscrición e prazos

O número de propostas no Laboratorio é 15.

O prazo de inscrición é dende o 2 de maio ás 00:01 horas ata o 22 de maio ás 23:59 horas.

A persoa ou colectivo deberá enviar os seguintes datos:

- Nome da persoa participante ou colectivo.
- Copia do DNI ou CIF
- Teléfono e correo electrónico de contacto.

Aquelas persoas interesadas poderán inscribirse neste [link](#)

A participación para o Laboratorio realizarase por orde de inscrición. Terán preferencia as persoas ou colectivos artísticos que procedan, residan e desenvolvan ou teñan rexistrada a súa actividade no territorio do GDR Costa da Morte. Os concellos do GDR Costa da Morte son: Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Carnota, Cee, Corcubión, Coristanco,

Dumbría, Fisterra, A Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Muxía, Ponteceso, Vimianzo e Zas.

Criterios de selección das obras

Para á selección das obras no Laboratorio teranse en conta os seguintes criterios:

- O carácter innovador, creatividade, orixinalidade.
- A calidade da proposta (concepto, materiais...).
- A visión integral e ampla da Costa da Morte.

Xurado e premios

- O xurado estará composto por un membro da Xunta Directiva do GDR Costa da Morte e dúas persoas relacionadas co mundo da artesanía, da arte e da cultura.
- O xurado elixirá ás 3 mellores obras. Os premios serán:
 - Primeiro premio: 300€
 - Segundo premio: 200€
 - Terceiro premio: 100€

Funcionamento do Laboratorio

- As persoas ou colectivos participantes deberán traer consigo todo o material suficiente para elaborar a súa obra.
- A obra deberá ser creada no propio día do evento entre as 12:00 e as 18:00 horas da tarde para que o xurado poida deliberar con tempo cales son as obras gañadoras.
- As persoas participantes deberán estar no Ecomuseo Forno do Forte ás 10:00 para a mellor organización dos espazos.
- Só se poderá presentar unha obra por participante.
- Só poderá repartirse un premio por obra presentada.
- Os premios repartiranse na clausura do evento, o domingo 5 xuño ás 20:00 horas.
- Durante a xornada haberá actividades para todas as persoas asistentes. Dispondremos de materiais para que as nenas e nenos dean renda solta a súa creatividade e gocen pintando, facendo barro, plastilina...

Cuestións xerais

1. A Organización do concurso resérvase o dereito de excluír todas aquelas obras cuxo contido sexa obsceno, violento, sexista, racista, homófobo ou vulnere algún dereito fundamental das persoas.
2. Coa creación da obra os/as participantes garanten que non achegarán materiais que supoñan vulneración algunha dos dereitos de propiedade intelectual ou industrial de terceiros, polo que liberan absolutamente ao GDR Costa da Morte de toda responsabilidade derivada de calquera incumprimento de calquera norma ou infracción de dereitos de terceiros por parte dos/as participantes, asumindo estes/as a obriga de manter ao GDR Costa da Morte libre de toda responsabilidade no devandito caso.

3. As persoas que participen no concurso responsabilízanse de que non existan dereitos a terceiros, nin reclamación algunha por dereitos de imaxe das persoas que aparezan nelas, así como de que as obras presentadas non estean sometidas a reclamación legal algunha e se atopen dentro do establecido pola lei de propiedade intelectual, eximindo ao GDR Costa da Morte de calquera tipo de responsabilidade.
4. As/os participantes ceden ao GDR Costa da Morte os dereitos de explotación das obras elixidas gañadoras, incluíndo os dereitos de uso, difusión, distribución, exhibición, comunicación pública, divulgación e reprodución por Internet ou calquera outro medio audiovisual, mostra ou exhibición da obra. Dita cesión realízase de forma gratuíta e non exclusiva, a nivel mundial.
5. O GDR Costa da Morte, así mesmo, resérvase o dereito de utilizar as obras seleccionadas con fins promocionais e/ou de difusión, os cales se exercitarán sempre co recoñecemento da súa condición de autoría, excepto manifestación en contra.
6. Calquera eventualidade imprevista xurdida en relación co desenvolvemento do “Laboratorio Artístico” e non contemplada de forma expresa nestas bases será resolta de acordo co criterio da organización.
7. A participación na 1ª edición do Laboratorio Artístico de #Terratlantica, implica a aceptación íntegra das bases aquí expostas, ademais do compromiso de adaptarse a posibles cambios que poidan xurdir alleos á organización e incluso a aceptar a posible cancelación do evento ou a variación na programación.
8. A Organización poderá utilizar fotografías de todas as obras e das persoas e colectivos artísticos para a promoción do evento e da Marca Costa da Morte Terra Atántica en calquera medio, soporte, aplicación e plataforma.
9. A Organización captará imaxes do evento, así como das obras expostas co fin de promocionalo evento e o traballo das persoas autoras. As persoas expositoras cederán os dereitos pertinentes e relativos a súa imaxe e a da súa obra, permitindo e facilitando difundir ditas imaxes para a promoción da iniciativa e do seu traballo.

Información de contacto

www.terratlantica.gal

comunicacion@terratlantica.gal

680223457